

M^a Lía Senra Rodríguez

Deputada no Parlamento Europeo

ASUNTO: PLANTACIÓN DE EUCALIPTOS EN CHAVAGA (MONFORTE)

**A/A DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN FORESTAL,
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XUNTA DE GALICIA**

Dona María Lía Senra Rodríguez, deputada no Parlamento Europeo, membro do Grupo da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), con DNI 34249434-L

EXPOÑO:

Os días 15 e 16 de outubro do 2017, produciouse un incendio forestal que afectou á parroquia de Chavaga no Concello de Monforte.

Moi pouco despois dos lumes, procedeuse a realizar traballos de corta e saca da madeira sobre o terreo queimado e agora mesmo xa hai varias parcelas plantadas de eucaliptos no mesmo lugar.

Consideramos que a plantación de eucaliptos nesta zona contravén varias normativas, entre elas o artigo 74.2 que establece que os plans de ordenación de recursos deberá coordinarse cos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais; o artigo 76 da Lei de Montes de Galicia; o Artigo 9.2 do Decreto 52/2024; e a Orde 19 de Maio de 2014, pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia.

Na citada Orde de 19 de Maio de 2014, o eucalipto queda excluído do Distrito forestal VIII, Terra de Lemos.

Por outro lado, entendemos que a introdución de eucaliptos neste Distrito, contravén as letras a, b, c, d, f e k do punto 23 da Decisión Ministerial de Oslo sobre o Mandato para a Negociación dun Acordo Xuridicamente Vinculante sobre Bosques en Europa asinado polo Estado Español e pola Unión Europea.

En base ao exposto, e para cumprir coa miña labor como Deputada Galega no Parlamento Europeo,

SOLICITO:

- Resposta sobre se a Consellería do Medio Rural e os responsables do Distrito Forestal VIII teñen coñecemento da situación.

- En caso afirmativo, que medidas se están tomando para proceder a levantar os eucaliptos prantados e evitar novas plantacións.

Esperando as súas respostas,
Reciban un cordial saludo,
a 14 de agosto de 2018

A handwritten signature in blue ink that reads "Lidia Senra". The signature is written in a cursive style with a horizontal line under the name.

M^a Lía Senra Rodríguez

Deputada Galega no Parlamento Europeo,

*Integrada no Grupo Parlamentario da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde
Nórdica (GUE/NGL)*

Dirección a efectos de notificación na rúa do Hórreo, 60 - Entrechan (C.P.: 15.702)
de Santiago de Compostela (A Coruña)

Tlf.: 881.817.443

Correo-e: lidia.senra@europarl.europa.eu